

Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario accidental da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Aprobación das actas das reunións anteriores.

A Xunta de Escola aproba as actas da reunión ordinaria do 24 de xaneiro de 2024 e das reunións extraordinarias de 6 de febreiro, 1 de abril e 16 de maio de 2024.

4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación non substancial do Máster en Computación de Altas Prestacións.

A Xunta de Escola aproba a proposta de modificación non substancial para adscribir o Máster en Computación de Altas Prestacións, conforme ao RD 822/2021, no ámbito de coñecemento de Enxeñaría Informática e de Sistemas.

5. Aprobación, se procede, da proposta de novo coordinador de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Química

A Xunta de Escola aproba a proposta de nomear ao Prof. Alberte Regueira como novo cooordinador de 1º curso do Grao en Enxeñaría Química.

6. Aprobación, se procede, do Regulamento da Representación do Estudantado da ETSE

A Xunta de Escola aproba o Regulamento da Representación do Estudantado da ETSE.

7. Aprobación, da proposta de recoñecemento de actividade para as titulacións de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial.

A Xunta de Escola aproba o recoñecemento da actividade “Voluntariado no equipo organizador do congreso ECAI 2024”, organizada polo CITIUS, para o alumnado dos Graos en Enxeñaría Informática e en Intelixencia Artificial, e do Dobre Grao en Enxeñaría informática e Matemáticas. A actividade implica 25 h presencias e 10 h non presencias, e solicítase un recoñecemento de 1,5 ECTS.

8- Aprobación, se procede, de modificacións de horarios de Grao en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial, curso 2024-25.

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos horarios dos Graos:

Grao en Enxeñaría Química:

- Teoría 1º cuatrimestre:

Fund. Proc. Quím. 1 fica con 2 h no luns, de 12 a 14h, ademais das sesións de mércores a venres de 1h.

Informática: foi necesario desdobrar as sesións xa que será a mesma profesora para os grupos en español e inglés (Nelly). Martes de 12 a 13 e de 13 a 14h, mércores de 13 a 14h, venres de 10 a 11h.

Os venres fican Fund. Proc. Quím. 1 de 9-10h, Informática de 10-11h e Fund. Quim. da Enxeñaría de 11-12h.

- Teoría do 2º cuatrimestre

Se engade 1 hora de Control de procesos, 3º curso, os mércores de 16 a 17h, ata comezar as interactivas de laboratorio

- Prácticas de 1º cuadrimestre:

Simulación e Optimización (4º curso): se retrasa o inicio de prácticas 2 semanas, de 29/10 para 12/11, e rematarán 2 semanas mais tarde (12/12). Tamén se cambia o horario, que fica de 12 a 14h, por incompatibilidade de horario coa conciliación de outra profesora no Grao de Química e que obriga a alterar os horarios nese Grao ao Prof. JA Souto.

- Prácticas de 2º cuadrimestre

1º curso: Engadidas 1 sesión prácticas informática, x 3 grupos, Fund. Proc. Quím.II, de luns 24 a mércores 26 de marzo, antes das prácticas laboratorio.

Grao en Enxeñaría Informática:

2º Cuadrimestre: A sesión interactiva dos mércores de Deseño de Aplicacións Web (DAW-4) pasa a impartirse os luns de 15:30 a 18:00.

Grao en Intelixencia Artificial:

1º Cuadrimestre:

3º Curso:

- Aprendizaje Automático Supervisado: As sesións expositivas son martes de 10:30 a 12:00h e mércores de 17:00 a 18:00h. A sesión interactiva dos mércores (AprAutSup-1) pasa ao luns de 12 a 14h.

- A sesión expositiva dos martes de Plataforma de IoT pasa aos mércores de 9:00 a 10:30.

- Técnicas de Procesamento Masivo de Datos: A sesión expositiva dos mércores atrasase 30 min para comezar ás 10:30h. A sesión interactiva dos mércores (TecProDat-1) atrasase 30 min para comezar ás 12:00h.

- Neuro-Fisioloxía: A sesión expositiva dos luns adiantase 1 hora para comezar ás 9:30h. A sesión interactiva dos luns (NeuroFis-1) pasa aos mércores de 18 a 20h. A sesión interactiva dos mércores (NeuroFis-2) atrasase 30 min para ser de 12 a 14h.

2º Cuadrimestre:

1º Curso:

- Xestión de Organizacións: A sesión interactiva dos martes (Xest-Org-1) pasa ós mércores á mesma hora.

- Lóxica: A sesión interactiva dos mércores (Lóx-3) pasa ós martes á mesma hora.

3º Curso:

- Aprendizaxe Automático non Supervisado: A sesión interactiva dos martes (AprAutNS-2) pasa a impartirse ás 12h do mesmo día.

- Redes Neuronáis e Aprendizaxe Profundo: A sesión interactiva dos martes (RedNeuAP-2) pasa a impartirse ás 15:30h do mesmo día.

10- Aprobación, se procede, da programación docente dos graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial, curso 2024-25.

A Xunta de Escola aproba as programacións docentes dos graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial para o curso 2024-25.

11- Aprobación, se procede, das propostas de orzamento 2024.

A Xunta de Escola aproba o orzamento de 2024

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

ANEXOS:

- Regulamento da Representación do Estudantado da ETSE.
- Orzamento da ETSE, 2024.

Regulamento da Representación do Estudiantado da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

(Aprobado en Xunta de Escola de 6 de xullo de 2024)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Motivación	1
Título I. Disposicións xerais	1
Artigo 1. A Representación do Estudiantado.....	1
Artigo 2. Valores fundamentais da Representación do Estudiantado.....	1
Artigo 3. Dos principios reitores da Representación do Estudiantado.....	2
Artigo 4. Funcións propias da Representación do Estudiantado.....	2
Título II. Do funcionamento da Representación.....	3
Artigo 5. Composición.....	3
Artigo 6. Dereitos e deberes dos membros da Representación.....	3
Artigo 7. Persoas convidadas á Representación.....	4
Artigo 8. Convocatoria das reunións	4
Artigo 9. Quórum.....	5
Artigo 10. Orde do Día	5
Artigo 11. Do local da Representación.....	5
Título III. Dos cargos do Comité de Xestión.....	6
Artigo 12. Os cargos do Comité de Xestión.	6
Artigo 13. Elección dos cargos.....	6
Artigo 14. Vixencia dos cargos.....	7
Artigo 15. A Coordinación Xeral.....	7
Artigo 16. As Coordinacións do estudiantado dos Graos e Mestrados.....	7
Artigo 17. A Secretaría.....	8
Artigo 18. A Tesouraría.....	9
Artigo 19. Convocatoria das reunións do Comité de Xestión.....	9
Artigo 20. Votacións do Comité de Xestión	10
Artigo 21. Dimisión dalgún cargo do Comité de Xestión.....	10
Artigo 22. Moción de censura.	10
TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	11
Artigo 23. Da Reforma do Regulamento	11
Disposición Adicional única.....	11
Disposición Transitoria.....	12
Disposición Derrogatoria.....	12
Disposición Final.....	12

Motivación

A motivación detrás deste regulamento nace da necesidade de establecer un marco sólido que sente as bases para a o órgano de representación dos estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela.

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1. A Representación do Estudiantado.

Denomínase "Representación do Estudiantado" a estrutura organizativa que o estudiantado desta Escola adopta como axente de dinamización e autoxestión. Funcionará como un órgano de representación colectiva. .

A Representación do Estudiantado gozará de autonomía para o exercicio das súas funcións, na medida do posible. Os diversos órganos do centro deberán facilitar tales funcións e executar os procedementos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Artigo 2. Valores fundamentais da Representación do Estudiantado.

1. Tolerancia

A tolerancia e o respecto como compás, tendo en conta a diversidade tanto dentro do estudiantado como na sociedade.

2. Democracia

A defensa dos principios e valores democráticos propios da nosa Universidade.

3. Transparencia

A transparencia como pilar fundamental, que garante a rendición de contas, a confianza do estudiantado no órgano e a integridade deste.

Artigo 3. Dos principios reitores da Representación do Estudantado.

1. Defensa e fomento do galego como lingua propia da Representación.
2. A promoción da sustentabilidade en tódalas actividades da Representación.

Artigo 4. Funcións propias da Representación do Estudantado.

Sen prexuízo do establecido pola normativa vixente, a Representación ten as seguintes funcións:

- a. Velar para que o estudantado reciba unha formación e docencia cualificada, de calidade e actualizada.
- b. Velar para que o estudantado da Escola sexa valorado obxectivamente no seu rendemento académico.
- c. Defender e promover a participación do estudantado no control da calidade da Escola.
- d. Defender e promover o dereito de libre asociacionismo dentro do ámbito universitario.
- e. Defender o dereito de cada estudante a dispoñer dos medios necesarios para o desenvolvemento dos seus estudos.
- f. Promover, organizar e realizar actividades culturais, recreativas, deportivas e profesionais, no seu ámbito de actuación.
- g. Defender e promover a participación do estudantado en actividades de formación, investigación e transferencia.
- h. Defender os dereitos do estudantado a nivel individual e colectivo, facilitando a súa promoción e desenvolvemento como membros da comunidade universitaria.
- i. Atender as peticións individuais do estudantado, exercendo de intermediaria entre estes e os órganos de goberno e representación da

Escola e a Universidade.

- l. Informarse e informar das distintas axudas ou subvencións que a Universidade ou outras institucións promovan en favor do estudiantado, así como das cuestións que afecten á Escola e á comunidade universitaria.
- m. Promover a integración do tecido estudantil da Universidade no contexto de representación local, comunitaria, estatal e internacional.
- n. Todas as funcións inherentes do seu carácter de representantes do estudiantado, respectando os principios de funcionamento do cargo.

Título II. Do funcionamento da Representación.

Artigo 5. Composición.

A Representación do Estudiantado estará composta polas Delegacións e Subdelegacións de cada curso e titulación e o estudiantado membro da Xunta de Escola ou do Claustro.

As Delegacións e as Subdelegacións serán escollidas cada curso académico segundo a normativa e sistema que fixe a Escola. A Representación poderá colaborar na dinamización do proceso electoral, facendo achegas á normativa ou naquelas situacións nas que o considere apropiado.

Artigo 6. Dereitos e deberes dos membros da Representación.

Serán dereitos de todos os membros:

1. Ter voz e voto en todas as xuntanzas da Representación.
2. Participar en todas as iniciativas desenvoltas pola Representación.
3. Candidatarse aos cargos de xestión da Representación.

Serán deberes de todos os membros:

4. Asistir a todas as xuntanzas da Representación, agás se se conta coa debida xustificación.

5. Presentar á Representación todas aquelas cuestións que emanen do seu ámbito de representación e que procedan.
6. Exercer con responsabilidade e rigorosidade os seus cargos dentro da Representación.

Artigo 7. Persoas convidadas á Representación.

As persoas convidadas á Representación poden asistir ás súas xuntanzas con voz pero sen voto e poden ser:

1. Calquera estudante da Escola que desexe participar das xuntanzas, previa solicitude aos cargos de xestión.
2. Calquera persoa que poida resultar de interese para os temas a tratar, que deberá ser convidada explicitamente con acordo da Xunta Coordinadora.

Artigo 8. Convocatoria das reunións.

A Representación deberase reunir dúas veces de maneira ordinaria durante o curso académico, unha en cada cuadrimestre. A reunión do primeiro cuadrimestre será convocada tan pronto se coñezan a Delegación e Subdelegación das titulacións da Escola. A reunión do segundo cuadrimestre será convocada tan pronto se coñezan os novos representantes do Estudantado da ETSE no Claustro. As reunións serán convocadas por acordo do Comité de Xestión (*véxase Título III*) ou a petición de:

- a. Equipo directivo da Escola.
- b. A cuarta parte dos membros da Representación, ou a totalidade dos representantes dunha mesma titulación.

Nas convocatorias das reunións deberá figurar:

- a. Orde do día.
- b. Data, hora e lugar da reunión.

As convocatorias de reunión ordinaria da Representación faranse cun

mínimo de unha semana antes de súa celebración.

As convocatorias de reunión extraordinaria da Representación faranse cun mínimo de 48 horas antes de súa celebración.

Todas as reunións deberanse convocar a través dos medios electrónicos e deberán acompañarse da correspondente Orde do Día e de todos aqueles documentos que vaian ser debatidos e/ou aprobados en dita reunión.

Artigo 9. Quórum.

En calquera reunión da Representación deberán estar presentes a coordinación xeral, a secretaría e, ao menos, máis da metade dos seus membros en primeira convocatoria, e, polo menos un cuarto na segunda convocatoria.

Artigo 10. Orde do día.

A Orde do día das reunións será elaborada pola Secretaría da Representación, asistida polos restantes cargos da mesma, e nela figurarán inescusablemente:

- a. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- b. Informe da Coordinación Xeral das actuacións efectuadas en virtude das súas competencias.
- c. Informe da Tesourería das actuacións efectuadas en virtude das súas competencias, se procede.
- d. Asuntos de trámite.
- e. Rolda aberta de intervencións.

Artigo 11. Do local da Representación.

A Representación do Estudantado disporá dun local apropiado para o exercicio das súas funcións.

Título III. Do Comité de Xestión.

Artigo 12. Funcións do Comité de Xestión.

Coordinar a actividade dos representantes do estudiantado, e tomar as decisións executivas necesarias para o bo funcionamento cotiá da Representación do Estudiantado.

Artigo 13. Os cargos do Comité de Xestión.

Serán cargos de xestión da Representación

- a. Coordinación Xeral.
- b. Coordinación do estudiantado por cada un dos graos da ETSE.
- c. Dúas coordinacións do estudiantado dos mestrados.
- d. Secretaría.
- e. Tesourería.

Artigo 14. Elección dos cargos.

Os cargos do Comité de Xestión serán escollidos de entre os seus membros por elección na reunión ordinaria do segundo cuadrimestre. Ningún dos membros do Comité de Xestión poderá ter máis dun cargo dentro da Representación.

Só deben quedar cubertos obrigatoriamente os cargos de Coordinación Xeral, Secretaría e Tesouraría; o resto deles poden quedar desertos.

Os cargos serán elixidos por votación, usando o método de votación máis axeitado en cada caso, garantindo o anonimato dos votantes.

No caso de que non houberse un/unha candidato/a para algún dos cargos de xestión, elixirase o membro que vai ocupar o cargo por sorteo entre os membros da Representación. Se ese membro non estivese de acordo en ocupar ese cargo repetirase o proceso anterior.

No caso de que houberse máis de un/unha candidato/a, farase unha votación. O cargo será elixido por maioría simple.

As persoas que se presenten candidatas a postos de Coordinación do estudantado de grao e mestrados deben ser estudantes da titulación á que ese cargo representa. Serán electores en cada unha das votacións só os estudantes das titulacións á que ese cargo representa.

Artigo 15. Vixencia dos cargos.

Os cargos do Comité de Xestión terán unha vixencia dun ano con opción a reelección e, de ser o caso, as persoas que os ocupen cesarán no momento no que perdan a condición de membros da Representación.

Os cargos do Comité de Xestión poderán perder o seu posto no caso de incumprimento do regulamento, polo abandono das súas funcións ou pola aprobación dunha moción de censura.

Artigo 16. A Coordinación Xeral.

Son competencias da Coordinación Xeral:

- a. Representar ó órgano ante a Escola e aquel outros órganos locais, autonómicos, estatais e internacionais que lle sexa requirido.
- b. Dirixir as reunións da Representación.
- c. Executar os acordos da Representación e velar polo seu cumprimento.
- d. Todas aquelas que lle encomende a Representación.

Artigo 17. As Coordinacións do estudantado dos Graos e Mestrados.

As funcións das Coordinacións do estudantado dos Graos e Mestrados son:

- a. Colaborar coa Coordinación Xeral nas funcións que teña encomendadas.

- b. Representar ao estudantado da súa titulación ou, no caso dos mestrados, ao estudantado de todos os mestrados.
- c. Actuar de intermediario entre o Comité de Xestión e o estudantado que representa.
- d. Ten plenas competencias organizativas da representación estudiantil das titulacións ás que representa.
- e. Todas aquelas que lles encomende a Coordinación Xeral.
- f. Todas aquelas que lles encomende a Representación.

Artigo 18. A Secretaría.

Corresponden á Secretaría as seguintes funcións:

- a. Convocar as reunións da Representación do Estudantado e do Comité de Xestión.
- b. A toma e levantamento da acta das xuntanzas da Representación e do Comité de Xestión.
- c. A xestión da comunicación interna entre os membros da Representación e o conxunto de cargos de xestión.
- d. A formación e custodia dun arquivo con toda a documentación, informes, actas da Representación e do Comité de Xestión e demais material que a Representación ou o Comité de Xestión utilice ou lle sexa enviada, así como o seu correcto traspaso a aqueloutra persoa que a suceda no cargo.
- e. A publicación dos acordos da Representación e do Comité de Xestión.

A Secretaría poderá delegar ditas funcións en calquera outro membro da Comité de Xestión se así o precisase ou se se vise incapacitada no seu exercicio.

Artigo 19. A Tesouraría.

As funcións da Tesouraría son:

- a. Xestionar e levar conta dos recursos económicos que a Representación ten ao seu dispor, con acordo co resto dos cargos.
- b. O pagamento dos estipendios, dietas e calquera retribución que corresponda aos membros da Representación como compensación por gastos no exercicio das súas funcións, se así o aprobase o conxunto de membros.
- c. A xestión das solicitudes de subvencións e outras fontes de ingresos da Representación.
- d. Asistir e aconsellar aos demais cargos nas decisións que impliquen o uso dos recursos dos que dispón a Representación.
- e. Dar conta dos asuntos económicos da Representación, de ser preciso, en todas as xuntanzas.
- f. Gardar copia de todas as facturas e memoria económica de todos os movementos económicos realizados pola Representación e entregalas debidamente ao ser relevada do seu cargo.
- g. Presentar os orzamentos ante o Comité de Xestión para a súa aprobación.

Artigo 20. Convocatoria das reunións do Comité de Xestión.

As reunións do Comité de Xestión poderanse convocar por calquera motivo presentado por algún dos cargos do mesmo.

As reunións celebraranse, por norma xeral, nun prazo mínimo de 24 horas dende a presentación da convocatoria coa correspondente orde do día por parte da Secretaría .

No caso de urxencia poderase reducir o prazo mínimo de celebración da reunión.

Artigo 21. Votacións do Comité de Xestión.

Dentro do Comité de Xestión poderanse efectuar votacións para aprobar diversos asuntos. Terán dereito a voto todos os membros do Comité.

Estas votacións deberán estar secundadas por maioría simple.

No caso de empate, levarase o asunto a discutir á Representación.

Artigo 22. Dimisión dalgún cargo do Comité de Xestión.

Calquera membro do Comité de Xestión pode presentar a súa dimisión ante o dito órgano. No momento no que se acepte a súa dimisión, convocarase unha reunión extraordinaria da Representación, na maior brevidade posible, onde se elixirá o seu substituto polo procedemento de votación indicado previamente.

As funcións do seu cargo quedan a disposición do Comité de Xestión, ata a elección do seu substituto.

Artigo 23. Moción de censura.

Calquera membro da Representación pode presentar unha moción de censura contra calquera cargo do Comité de Xestión, ou o conxunto deles, cando esta se ache apoiada por un mínimo dun cuarto dos membros da mesma, ou pola totalidade dunha titulación.

1. A persoa propoñente da moción de censura deberá remitir dita moción á Secretaría do Comité de Xestión. Dende este momento, o Comité de Xestión conta con 5 días naturais para convocar unha reunión no prazo máximo de 21 días naturais dende o envío da convocatoria.
2. A persoa propoñente deberá presentar a motivación da súa moción de censura á Representación en dita xuntanza e responder calquera dúbida das persoas asistentes.
3. A persoa afectada poderá presentar as súas alegacións ao respecto, e estas poderán recibir resposta da persoa propoñente.

4. A moción de censura será sometida a votación pola Representación cando esta conte cun quórum mínimo dun medio (1/2) e deberá ser adoptada por maioría absoluta cualificada do quórum, seguindo o procedemento de votación anteriormente mencionado.

5. Unha moción de censura supón a expulsión da persoa do cargo que estea a exercer, ou de todas as persoas afectadas do Comité de Xestión, e a apertura dun proceso electoral, na mesma sesión, baixo as liñas expresadas neste Regulamento.

6. No caso de que a moción de censura non saíse adiante, a persoa ou titulación que a presentou non poderá presentar ningunha outra moción de censura no restante do curso académico.

TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO.

Artigo 24. Da reforma do Regulamento.

O proceso de reforma do Regulamento abrirase despois da presentación dunha proposta de novo Regulamento da Representación asinada polo membro ou membros interesados. A proposta debaterase na xuntanza seguinte á presentación da proposta, que non poderá ser máis de 15 días despois da presentación da mesma. A proposta dáse por aprobada cunha maioría cualificada de dous terzos da Representación, cun quórum mínimo dun medio (1/2).

As reformas do regulamento deben ser comunicadas á Dirección de Escola e ratificadas pola Xunta de Escola.

Disposición Adicional única

Para todos os aspectos que non queden definidos no presente Regulamento, seguirase o indicado no Regulamento de Réxime Interno da Escola, nos Estatutos, Regulamentos e Normativas da USC así como o establecido nas leis 39/2015 e 40/2015.

Disposición Transitoria

A primeira elección de cargos da Representación terá lugar a primeira vez que se reúna esta unha vez aprobado o Regulamento, para o cal poderá convocar a reunión calquera membro da Representación.

Disposición Derrogatoria

Quedan derogados cantos documentos previos da Delegación entren en contradición con calquera apartado do presente Regulamento.

Disposición Final

Este regulamento entrará en vigor ao ser aprobado pola Representación, de acordo co RRI da escola, para ser posteriormente ratificado pola Xunta de Escola.

Crédito a Centros 2024				D/M	ETSE	Reparto Dept./ Máster
46907	CAP II	Xeral (65%)	30490	30%	21343	9.147 €
	CAP II	Materias Exp. (35%)	16417		16417	
23774	CAP VI	Mobiliario e Equipamiento	23774		23774	
43891	CAP VI	Obra RAM	43891		43891	
Total			114.572 €		105.425 €	

Reparto Capítulo II Xeral Dept./Máster			Horas Equiv.	
Máster en Enxeñaría Ambiental	487		716	5,3%
Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos	453		665	4,9%
Máster Tecnoloxías Análise de Datos Masivos: Big Data	201		295	2,2%
Máster en Computación de Altas Prestacións	68		100	0,7%
Máster en Visión por Computador	79		116	0,9%
Máster en Intelixencia Artificial	263		386	2,9%
Máster en Xestión Sostible da Auga	121		177	1,3%
Subtotal Máster	1.551 €		2455	18,3%
Enxeñaría Química Electrónica e Computación	1298 4267		1906 6268	14,2% 46,7%
Subtotal Departamentos ETSE	5.565 €			
TOTAL				
Economía Financiera e Contabilidade	225		331	2,5%
Edafoloxía e Química Agrícola	31		46	0,3%
Física Aplicada	95	676	140	1,0%
Matemática Aplicada	314		461	3,4%
Química Inorgánica	72	653	106	0,8%
Química Física	89		131	1,0%
Química Orgánica	97	679	143	1,1%
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	83	516	122	0,9%
Filoloxía Inglesa e Alemá	31		46	0,3%
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, XeOeP	8		12	0,1%
Dereito Público e Teoría do Estado	24		35	0,3%
Matemáticas	332		488	3,6%
Enxeñaría Agroforestal	91		134	1,0%
Estatística, Análise Matemática e Optimización	342		502	3,7%
Filosofía e Antropoloxía	75		110	0,8%
Subtotal outros Departamentos	1.910 €		2696	20,9%
Reparto Capítulo II Mat. Experimentais	60%			
Mantemento Aulas Informática ETSE	2.463 €			25,0%
Mantemento Laboratorios ETSE	5.211 €			52,9%
Prácticas Química Inorgánica (Dept. Quím. Inorgánica)	581 €			5,9%
Prácticas Química Orgánica (Dept. Quím. Orgánica)	581 €			5,9%
Prácticas Química Analítica (Dept. Quím. Analítica)	433 €			4,4%
Prácticas Física (Dept. Física Aplicada)	581 €			5,9%
Reparto Capítulo II Xeral (ETSE)	10%			
Aula Profesional + visitas técnicas + varios alumnado	2.132 €			